

XEFATURA DO ESTADO

3590 *LEI 1/2002, do 21 de febreiro, de coordinación das competencias do Estado e as comunidades autónomas en materia de defensa da competencia.* («BOE» 46, do 22-2-2002.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

A sentenza do Tribunal Constitucional do 11 de novembro de 1999, dictada nos recursos de inconstitucionalidade acumulados números 2009/1989 e 2027/1989, estimou parcialmente os citados recursos e declarou a inconstitucionalidade da cláusula «en todo ou en parte do mercado nacional» contida expresamente ou por remisión nos artigos 4, 7, 9, 10, 11 e 25, a) e c) da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia.

Os efectos da decisión tradúcense na necesidade de establecer, mediante lei estatal, o marco para o desenvolvemento das competencias executivas do Estado e as comunidades autónomas previstas na Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, e o seu desenvolvemento regulamentario.

II

Os fundamentos xurídicos nos que o alto tribunal basea a decisión parten do recoñecemento de que a materia denominada «defensa da competencia», como tal, non está atribuída expresamente ó Estado pola Constitución. Por conseguinte, na medida en que o conxunto de competencias atribuídas ó Estado pola Constitución non o impidan, poderá corresponderlles ás comunidades autónomas en virtude dos seus propios estatutos.

Analizando os estatutos de autonomía, existen referencias máis ou menos xeneralizadas de atribución competencial ás comunidades autónomas en materia de «comercio interior», o cal, conforme a doutrina sentada polo Tribunal Constitucional na sentenza antes citada, abarca a competencia relacionada coa «defensa da competencia», aínda que se restrinxe ó ámbito executivo, sendo en todo caso do Estado a competencia legislativa.

A conclusión que diso se desprende é que as comunidades autónomas que así o previron nos seus estatutos teñen competencias executivas en relación co «comercio interior» e, polo tanto, coa «defensa da competencia».

Non obstante, o exercicio destas competencias debe harmonizarse coa necesidade de protexe-la unidade da economía nacional e a esixencia dun mercado único que lle permita ó Estado o desenvolvemento da súa competencia constitucional de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica —artigo 149.1.13.^a da Constitución— todo iso co fin de respecta-la igualdade das condicións básicas de exercicio da actividade económica —artigos 139.1 e 149.1.1.^a da lei fundamental—. Por esta razón, considera o Tribunal Constitucional que non só a normación, senón tódalas actividades executivas que determinen a configuración real do mercado único de ámbito nacional, deben atribuírse ó Estado, ó que lle corresponderán, por tanto, as actua-

cións executivas en relación con aquelas prácticas que poidan altera-la libre competencia nun ámbito supracomunitario ou no conxunto do mercado nacional, aínda que tales actos executivos deban realizarse no territorio de calquera das comunidades autónomas.

III

Por outro lado, o Tribunal Constitucional veu imporlle ó Estado o deber de articula-los mecanismos de coordinación que garantan a uniformidade da disciplina da competencia en todo o mercado nacional e, desde logo, establece-los mecanismos de conexión pertinentes, sempre que resulten constitucional e estatutariamente correctos, e os imprescindibles mecanismos de colaboración e información recíproca.

IV

O fundamento xurídico oitavo da sentenza recoñece a vixencia dos preceptos da lei impugnada, a pesar de que foron declarados nulos, mentres o Estado non fixe os puntos de conexión que lles permitan ás comunidades autónomas exercer as competencias executivas que lles recoñecen os seus estatutos de autonomía. En caso contrario, produciríase un baleiro normativo que atentaría contra os intereses constitucionalmente relevantes referidos á defensa da competencia.

A pesar diso, o propio Tribunal Constitucional recoñece que a postergación no tempo dos efectos da nulidade declarada xera unha situación anómala e provisional que debe acabar canto antes invocando a lealdade constitucional que vincula o Estado para pórle fin no prazo máis breve.

Por iso, debe adoptarse unha iniciativa legislativa que estableza o marco para a execución das competencias do Estado e das comunidades autónomas con pleno respecto ós criterios impartidos polo Tribunal Constitucional, iniciativa que acomete esta lei.

V

A lei contén cinco artigos que desenvolven os puntos que, segundo o Tribunal Constitucional, deben establecerse para o adecuado exercicio das competencias relacionadas coa defensa da competencia, tres disposicións adicionais, unha disposición transitoria e unha disposición derradeira.

O artigo 1 establece os puntos de conexión que delimitan xenericamente o exercicio das competencias por parte do Estado e das comunidades autónomas. Estes puntos baséanse no fundamento xurídico sétimo da sentenza do 11 de novembro de 1999, segundo o cal a competencia obxectiva que cabe atribuír ás comunidades autónomas en materia de defensa da competencia, está limitada a aquelas actuacións executivas que deban realizarse no territorio de cada comunidade autónoma e que non afecten o mercado supraautonómico. Iso implica que a competencia do Estado se estende non só á normación, senón tamén a tódalas actuacións executivas en relación con aquelas prácticas que poidan altera-la libre competencia no ámbito supraautonómico ou no conxunto do mercado nacional, aínda que tales actuacións se realicen no territorio dunha comunidade autónoma.

Este principio é recoñecido como criterio xeral pola lei e esténdese ás competencias respecto dos procedementos que teñan por obxecto actuacións asociadas cos acordos prohibidos, as autorizacións singulares de acordos prohibidos, o abuso de posición dominante e o falseamento da libre competencia por actos desleais. Ademais, co fin de garanti-lo adecuado exercicio das

competencias, a seguridade xurídica dos operadores económicos e a uniformidade na aplicación das normas, todo iso para minimizar os conflitos derivados da interpretación deste criterio xeral, a lei establece un conxunto de regras adicionais tendentes a aclarar cando unha conduta é competencia do Estado e cando o é dunha comunidade autónoma.

As ditas regras, en definitiva, implican a atribución ó Estado da competencia relativa a condutas que poidan atentarse contra a unidade de mercado nacional ou contra principios recoñecidos na Constitución tales como o establecemento dun equilibrio económico adecuado e xusto entre as diversas partes do territorio español, a liberdade de circulación e establecemento das persoas e a libre circulación de bens en todo o territorio nacional ou a igualdade de condicións españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais.

O artigo 2 establece un mecanismo dinámico e equilibrado de resolución dos conflitos que a aplicación dos puntos de conexión poida xerar. Os procedementos de resolución de conflitos parten dunha recíproca e simétrica subministración de información acerca das denuncias ou solicitudes de autorización recibidas ou de actuacións practicadas de oficio entre os órganos competentes en materia de defensa da competencia de modo que, se xorden diferencias acerca de quen debe instruír e resolver un determinado procedemento, unha vez transcorrido un prazo prudencial para o debido estudo da cuestión, se emita un dictame non vinculante pola Xunta Consultiva en materia de conflitos. Prevese a participación da Administración do Estado na Xunta Consultiva en materia de conflitos, non só nos supostos de controversia entre esta e as administracións autonómicas, senón entre os que eventualmente poidan opor ás comunidades autónomas entre si, por considerarse que neste caso se pode estar debatendo sobre efectos supraautonómicos das condutas de que se trate.

A dita Xunta Consultiva emitirá un dictame no que valore a atribución da competencia de tramitación e resolución do procedemento de que se trate.

Se as administracións en conflito non asumen o resultado do dictame, prevese unha remisión ó disposto na Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional, co fin de que sexa o alto tribunal o que decida acerca de qué administración debe se-la que resolva o procedemento en cuestión a través da formulación dun conflito, positivo ou negativo, entre o Estado e as comunidades autónomas ou entre estas entre si. Non obstante, na medida en que se prevén outros procedementos de cooperación e coordinación entre as administracións en conflito, a elevación da cuestión ante o Tribunal Constitucional debe erixirse en última instancia de resolución das cuestións competenciais.

O artigo 3 regula a Xunta Consultiva en materia de conflitos, a cal, fiel á natureza arbitral deste órgano, é paritaria. Así, prevese a súa integración por un número igual de representantes designados tanto polo Estado como polas comunidades autónomas, sendo flexible o número total en función das comunidades autónomas en conflito, todo iso coa finalidade de manter a citada paridade na súa composición.

O artigo 4 regula os aspectos institucionais relacionados coa execución por parte das comunidades autónomas das competencias en materia de defensa da competencia. Entre os ditos aspectos resalta a posibilidade de que, por vía convencional, os órganos estatais colaboren con aquelas comunidades que non institucionalizasen os mecanismos orgánicos para desenvolver as súas competencias; a lei tamén establece o marco para a creación de institucións competentes en materia de defensa da competencia nas comunidades autónomas e aclara as normas de procedemento aplicables ás actuacións dos ditos órganos.

Fiel ás directrices impostas polo Tribunal Constitucional, o artigo 5 regula tres tipos de mecanismos de coordinación para o harmónico desenvolvemento das competencias polo Estado e as comunidades autónomas; dun lado, crea o Consello de Defensa da Competencia, órgano que reúne a representantes de tódalas administracións territoriais con competencia na materia, e as funcións básicas do cal se refiren á centralización da información relevante sobre a competencia nos mercados, á discusión dos criterios conducentes a lograr a adecuada coordinación na aplicación da lei e ó informe das disposicións que regulen cuestións relacionadas coa materia.

Doutro lado, o dito precepto dedica un epígrafe especial ós mecanismos que aseguren a completa, simétrica e recíproca información acerca das condutas restrictivas da libre competencia das que teñan coñecemento os órganos competentes, co fin de posibilitar o desenvolvemento das súas funcións.

Por último, o artigo 5 atribúelle lexitimación ó Servicio de Defensa da Competencia para intervir nos procedementos tramitados polos órganos autonómicos, entendendo esta lexitimación como un instrumento de cerramento para evitar diferencias na doutrina que se siga á hora de aplicar o ordenamento de defensa da competencia. Non cabe dúbida de que a uniformidade na aplicación das normas de defensa da competencia se erixe en elemento indispensable para garantir a unidade do mercado nacional e a igualdade das condicións básicas de exercicio da actividade económica.

VI

A disposición adicional primeira adapta as referencias en exclusiva ó Servicio e ó Tribunal de Defensa da Competencia que figuran no texto da Lei 16/1989 ante a nova realidade de órganos administrativos que se irán creando unha vez posto en práctica o modelo competencial previsto nesta lei.

A disposición adicional segunda reproduce o mandato do artigo 36.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, na medida en que impón a tradución para o castelán de tódalas comunicacións e notificacións que os órganos de defensa da competencia das comunidades autónomas con lingua cooficial propia dirixan ó Tribunal e ó Servicio de Defensa da Competencia, pois iso implica a produción de efectos dos ditos escritos fóra do territorio da respectiva comunidade autónoma.

A disposición adicional terceira deixa a salvo as competencias que a lexislación sectorial lle atribúe á Comisión do Mercado das Telecomunicacións.

A disposición transitoria única prevé o exercicio das competencias de execución correspondentes ás comunidades autónomas polos órganos estatais ata o momento en que aquelas que teñan previsión estatutaria constitúan os seus respectivos órganos de defensa da competencia; de non previrse este réxime supletorio, correríase o risco de incorrer nun baleiro normativo e orgánico que podería impedir a persecución de condutas que poidan chegar a menoscabar a competencia en ámbitos autonómicos.

Artigo 1. *Puntos de conexión.*

1. Corresponderalle ó Estado o exercicio das competencias recoñecidas na Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, respecto dos procedementos que teñan por obxecto as condutas previstas nos artigos 1, 6 e 7 da mencionada lei, cando as citadas condutas alteren ou poidan alterar a libre competencia

nun ámbito supraautonómico ou no conxunto do mercado nacional, aínda cando o exercicio de tales competencias deba realizarse no territorio de calquera das comunidades autónomas.

2. En todo caso, considérase que se altera ou se pode altera-la libre competencia nun ámbito supraautonómico ou no conxunto do mercado nacional, nos seguintes casos:

a) Cando unha conducta altere ou poida altera-la libre competencia nun ámbito supraautonómico ou no conxunto do mercado nacional ou poida afecta-la unidade de mercado nacional, entre outras causas, pola dimensión do mercado afectado, a cota de mercado da empresa correspondente, a modalidade e alcance da restricción da competencia, ou os seus efectos sobre os competidores efectivos ou potenciais e sobre os consumidores e usuarios, aínda cando tales conductas se realicen no territorio dunha comunidade autónoma.

b) Cando unha conducta poida intentar contra o establecemento dun equilibrio económico adecuado e xusto entre as diversas partes do territorio español, implicar medidas que directa ou indirectamente obstaculicen a libre circulación e establecemento das persoas e a libre circulación de bens en todo o territorio nacional, supola compartimentación dos mercados ou menoscaba-las condicións básicas que garantan a igualdade de tódolos españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais, aínda cando tales conductas se realicen no territorio dunha comunidade autónoma.

3. Corresponderalles ás comunidades autónomas con competencias na materia o exercicio no seu territorio das competencias recoñecidas na Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, respecto dos procedementos que teñan por obxecto as conductas previstas nos artigos 1, 6 e 7 da mencionada lei, cando as citadas conductas, sen afectar a un ámbito superior ó dunha comunidade autónoma ou ó conxunto do mercado nacional, alteren ou poidan altera-la libre competencia no ámbito da respectiva comunidade autónoma.

4. O exercicio das competencias relativas ás autorizacións ás que se refire o artigo 4 da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, corresponderalle ó Estado ou ás comunidades autónomas, de acordo cos puntos de conexión establecidos no presente artigo.

Non obstante, se despois de outorgada unha autorización por unha comunidade autónoma se alterasen as circunstancias determinantes da atribución competencial por afecta-la conducta autorizada a un ámbito supraautonómico ou ó conxunto do mercado nacional, será necesaria unha nova autorización, que lle corresponderá outorgar ós órganos estatais de defensa da competencia.

5. Corresponderalle en todo caso ó Estado:

a) A aplicación das normas contidas no capítulo II e no capítulo III do título I da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia.

b) A autorización, mediante regulamentos de exención, de categorías de acordos, decisións, recomendacións, prácticas concertadas ou conscientemente paralelas a que se refire o artigo 5 da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia.

c) A representación en materia de defensa da competencia ante outras autoridades nacionais, foros e organismos internacionais e, en concreto, ante a Unión Europea, a OCDE, a OMC e a UNCTAD.

d) A aplicación en España dos artigos 81.1 (ex 85.1) e 82 (ex 86) do Tratado da Comunidade Europea e do seu dereito derivado, de acordo co disposto ó respecto no artigo 25.c) da Lei de defensa da competencia.

Artigo 2. Resolución de conflictos.

1. As comunidades autónomas notificaránlle ó Servicio de Defensa da Competencia tódalas denuncias e solicitudes de autorización singular recibidas en aplicación desta lei así como aquelas conductas detectadas de oficio respecto das que existan indicios racionais de infracción, de acordo co establecido no artigo 5.dous. Na dita notificación expresarase o órgano, estatal ou autonómico, que se considere competente.

O órgano competente da comunidade autónoma notificante poderá inicia-lo procedemento correspondente, se no prazo de quince días o director do Servicio de Defensa da Competencia non comunica a súa opinión en sentido contrario.

Se o director do Servicio de Defensa da Competencia considera da súa competencia a aplicación da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, á conducta notificada, comunicarllo ó órgano notificante.

Entenderase que o órgano notificante mantén a súa competencia se no prazo de cinco días non remite as actuacións ó Servicio de Defensa da Competencia.

Se o órgano notificante mantívese a súa competencia sobre a dita conducta, o órgano competente de calquera das administracións en conflito solicitará a convocatoria da xunta consultiva en materia de conflitos prevista no artigo 3, para que no prazo de quince días emita o seu informe.

Emitido o informe previsto no parágrafo anterior, no prazo de dez días o órgano estatal ou autonómico que se considere competente poderá inicia-lo procedemento, sen prexuízo da aplicación do establecido no capítulo II do título IV da Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional.

2. O Servicio de Defensa da Competencia notificaralle ós órganos autonómicos correspondentes unha nota sucinta de tódalas denuncias e solicitudes de autorización singular recibidas e das actuacións practicadas de oficio; na dita nota expresarase o órgano, estatal ou autonómico, que se considere competente.

O órgano considerado competente na nota sucinta remitida polo Servicio de Defensa da Competencia poderá inicia-lo procedemento, se no prazo de quince días non recibe opinión en sentido contrario de ningún outro órgano que solicite para si a competencia; para estes efectos, o Servicio de Defensa da Competencia dará traslado inmediato, se é o caso, da denuncia ou solicitude de autorización singular recibida ou das actuacións practicadas de oficio.

Se outro órgano autonómico se considera competente en relación coa dita conducta, o Servicio de Defensa da Competencia ou os órganos autonómicos correspondentes solicitarán a convocatoria da Xunta Consultiva en materia de conflitos prevista no artigo 3, para que no prazo de quince días emita o seu informe.

Emitido o informe previsto no parágrafo anterior, no prazo de dez días o órgano estatal ou autonómico que se considere competente poderá inicia-lo procedemento, sen prexuízo da aplicación do establecido no capítulo II do título IV da Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional.

3. Se o director do Servicio de Defensa da Competencia considera que a conducta notificada polo órgano competente dunha comunidade autónoma de acordo co disposto no artigo 5.dous non é da súa competencia senón da dunha comunidade autónoma distinta da notificante, comunicarllelo ós órganos competentes de ambas para que, se é o caso, manifesten ou manteñan a súa competencia sobre a dita conducta no prazo de quince días.

Se os órganos de ámbalas comunidades autónomas se consideran competentes sobre a dita conducta, o

órgano estatal ou os órganos competentes de calquera das restantes administracións en conflito solicitarán a convocatoria da Xunta Consultiva en materia de conflitos prevista no artigo 3, para que no prazo de quince días emita o seu informe.

4. Se o conflito se formulase con posterioridade á incoación do procedemento, incluso na fase de resolución, rexerá o disposto nos parágrafos anteriores. A convocatoria da xunta consultiva en materia de conflitos interromperá automaticamente o procedemento que, se é o caso, se estivese tramitando e suspenderá o prazo para resolver e notificar a resolución.

5. Unha vez incoados os expedientes sancionadores polos órganos competentes, poderán adoptar tódalas medidas que coiden oportunas para que cesen as condutas infractoras; en especial advertirán o público das condutas que desen lugar ó acordo de incoación e das medidas adoptadas para o seu cesamento.

6. En todo caso, o disposto neste artigo enténdese sen prexuízo da utilización das vías xurisdiccionais pertinentes.

Artigo 3. *A Xunta Consultiva en materia de conflitos.*

1. A Xunta Consultiva en materia de conflitos é o órgano consultivo especializado no asesoramento, mediante dictame non vinculante, para a resolución dos conflitos de atribución de competencias que se susciten entre a Administración do Estado e a das comunidades autónomas ou entre estas entre si con ocasión da aplicación da lexislación de defensa da competencia. No exercicio das súas funcións a Xunta poderá solicitar informe do Tribunal de Defensa da Competencia e dos órganos autonómicos correspondentes.

2. O presidente da Xunta Consultiva en materia de conflitos será nomeado polo ministro de Economía, oído o Consello de Defensa da Competencia, entre persoas de recoñecido prestixio e con ampla experiencia en materia de defensa da competencia. O seu voto será dirimente en caso de empate e o seu mandato será de cinco anos; non obstante, expirado o prazo do seu mandato, continuará no exercicio das súas funcións ata a toma de posesión do novo presidente.

3. A Xunta Consultiva en materia de conflitos estará composta polo presidente e os seguintes vocais:

a) Pola Administración xeral do Estado, un representante designado polo ministro de Economía, quen actuará como secretario.

b) Pola comunidade autónoma en conflito, dous representantes por ela designados.

Excepcionalmente, no suposto en que houbese máis dunha comunidade autónoma afectada polo conflito de competencias, designarase un só representante por cada unha delas. Se as comunidades autónomas en conflito foren tres ou máis, elevarase o número de representantes da Administración xeral do Estado para garantir a composición paritaria da xunta. En todo o referente ó funcionamento, convocatoria, reunións e réxime de adopción de acordos da Xunta Consultiva en materia de conflitos rexerá o disposto, en materia de órganos colexiados, no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e no capítulo IV do título II da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

Artigo 4. *Aspectos institucionais da execución por parte das comunidades autónomas da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia.*

1. O Servicio de Defensa da Competencia e o Tribunal de Defensa da Competencia poderán celebrar con-

venios de colaboración cos órganos competentes das comunidades autónomas para a instrución e resolución dos procedementos que teñan por obxecto condutas que sexan competencia tanto do Estado como destas últimas. Os ditos convenios establecerán as formas e mecanismos concretos a través dos cales se instrumentará a referida colaboración.

2. Os procedementos de execución establecidos na Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, serán aplicables ás actuacións que desenvolvan os órganos competentes das comunidades autónomas.

Artigo 5. *Mecanismos de coordinación.*

Un. 1. O Consello de Defensa da Competencia é o órgano de colaboración, coordinación e información recíproca entre o Estado e as comunidades autónomas para promover a aplicación uniforme da lexislación de competencia.

O Consello de Defensa da Competencia actúa en pleno, que se reunirá polo menos unha vez ó ano. En todo o referente ó seu funcionamento, convocatoria, reunións e réxime de adopción de acordos, rexerá o disposto, en materia de órganos colexiados, no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e no capítulo IV do título II da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

2. O Pleno do Consello de Defensa da Competencia estará constituído polos seguintes membros:

Un representante de cada unha das comunidades autónomas con competencias en materia de defensa da competencia.

Un número igual de representantes da Administración xeral do Estado nomeados polo ministro de Economía, entre os cales figurarán o director do Servicio de Defensa da Competencia, que o presidirá, e tres vocais do Tribunal de Defensa da Competencia designados polo seu presidente.

Un secretario, con voz pero sen voto, nomeado polo ministro de Economía.

3. O Consello de Defensa da Competencia, como órgano de participación e colaboración entre a Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas, asumirá as seguintes funcións:

Realiza-lo seguimento periódico da política de defensa da competencia por parte das distintas administracións públicas.

Promove-lo intercambio de información e a realización e publicación de estudos nos que se poñan de manifesto os criterios seguidos polas distintas administracións na aplicación da normativa de defensa da competencia e, se é o caso, a necesidade de facer que estes sexan uniformes.

Informar sobre os proxectos de disposicións de carácter xeral que afecten ás materias da defensa da competencia nas que as comunidades autónomas teñen competencias de execución.

Dous. Co fin de facilita-la aplicación desta lei, establécense os seguintes mecanismos de información recíproca:

a) As comunidades autónomas remitirán ó Servicio de Defensa da Competencia copia de tódalas denuncias e solicitudes de autorización singular recibidas en aplicación da presente lei. Así mesmo, notificaránlle ó Servicio de Defensa da Competencia aquelas condutas detectadas de oficio respecto das que existan indicios racionais de infracción.

b) O Servicio de Defensa da Competencia remitirá ós órganos autonómicos unha nota sucinta de toda-

las denuncias e solicitudes de autorización singular que reciba e das actuacións practicadas de oficio, respecto das que existan indicios racionais de infracción, que se refiran a conductas que afecten a súa respectiva comunidade autónoma.

c) Cando a conducta prevista nas alíneas a) e b) fose detectada de oficio, a notificación consistirá nunha descrición da conducta detectada, con indicación das partes, do ámbito ó que se estende e dos motivos que xustifican a iniciación do expediente.

d) O Servicio de Defensa da Competencia comunicarlles ós órganos autonómicos correspondentes os expedientes incoados que afecten o seu territorio.

Tres. Co obxecto de procura-la aplicación uniforme da Lei de defensa da competencia, o Servicio de Defensa da Competencia poderá comparecer, en calidade de interesado, nos procedementos administrativos tramitados polos órganos de defensa da competencia das comunidades autónomas.

Os órganos autonómicos deberán comunicarlle ó Servicio de Defensa da Competencia os acordos e resolucións adoptados, tanto na fase de instrucción como de resolución que poñan fin ó procedemento, co fin de que este poida exercer, se é o caso, o recurso contra os ditos acordos ante as instancias correspondentes.

Catro. O Servicio de Defensa da Competencia ou o Tribunal de Defensa da Competencia, no exercicio das funcións que lles son propias, solicitarán dos órganos autonómicos competentes informe preceptivo, non vinculante, para emitir no prazo de dez días hábiles, en relación con aquelas conductas que, afectando a un ámbito supraautonómico ou o conxunto do mercado nacional incidan, de forma significativa, no territorio da respectiva comunidade autónoma.

Disposición adicional primeira. Referencias ó Tribunal e ó Servicio de Defensa da Competencia contidas na Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia.

1. As referencias ó Tribunal de Defensa da Competencia e ó Servicio de Defensa da Competencia que se conteñen nos artigos da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, que se enumeran a seguir, entenderanse efectuadas ós órganos das comunidades autónomas con competencias na materia, cando as potestades administrativas e os procedementos neles regulados se exerzan ou tramiten en relación con conductas que, de acordo co disposto no artigo 1 desta lei, sexan competencia das comunidades autónomas:

Artigo 4.	Artigo 38.
Artigo 7.	Artigo 39.
Artigo 9.	Artigo 40.
Artigo 10.	Artigo 41.
Artigo 11.	Artigo 42.
Artigo 12.	Artigo 43.
Artigo 13.	Artigo 44.
Artigo 29.	Artigo 45.
Artigo 31.	Artigo 46.
Artigo 32.	Artigo 47.
Artigo 33.	Artigo 48.
Artigo 34.	Artigo 49.
Artigo 36.	Artigo 51 bis.
Artigo 36 bis.	Artigo 53.
Artigo 37.	Artigo 56.

2. Os órganos que nas comunidades autónomas exerzan as funcións que no Estado se atribúan ó Tribunal de Defensa da Competencia deberán actuar con independencia, cualificación profesional e sometemento ó ordenamento xurídico.

Disposición adicional segunda. Traducción para o castelán das comunicacións e notificacións das comunidades autónomas con lingua cooficial dirixidas ó Servicio de Defensa da Competencia.

En cumprimento do disposto no parágrafo 3.º do artigo 36 da LRXAPAC tódalas comunicacións e notificacións dos órganos competentes das comunidades autónomas dirixidas ó Servicio de Defensa da Competencia e ó Tribunal de Defensa da Competencia contidos na presente lei deberán ser traducidas para o castelán.

Disposición adicional terceira. Competencias atribuídas á Comisión do Mercado das Telecomunicacións.

O disposto nesta lei enténdese sen prexuízo das competencias que a lexislación específica atribúe á Comisión do Mercado das Telecomunicacións.

Disposición transitoria única.

Mentres as comunidades autónomas non constitúan os seus respectivos órganos de defensa da competencia, o Estado seguirá exercendo as competencias que lles correspondan.

Disposición derradeira única. Entrada en vigor

Esta lei entrará en vigor ós tres meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 21 de febreiro de 2002.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

XEFATURA DO ESTADO

3591 LEI 2/2002, do 21 de febreiro, pola que se crea o Consello Xeral dos Colexios Oficiais de Decoradores. («BOE» 46, do 22-2-2002.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 2/1974, do 13 de febreiro, de colexios profesionais, modificada polas leis 74/1978, do 26 de decembro, e 7/1997, do 14 de abril, no seu artigo 4.4 establece que cando, nunha determinada profesión, existan varias organizacións colexiais de ámbito territorial inferior ó nacional, se constituirá un consello xeral de colexios, que deberá ser creado por medio dunha lei do Estado, a teor do previsto no artigo 15.3 da Lei 12/1983, do 14 de outubro, do proceso autonómico.

O Colexio Nacional de Decoradores foi o único existente no territorio nacional ata o ano 1998. A partir de entón, varias comunidades autónomas, como a das Illes Balears, Castilla y León, Foral de Navarra, Madrid,